



Guía Docente

Datos Identificativos					2020/21
Asignatura (*)	Fontes de información e técnicas estatísticas para a análise das políticas sociais	Código	615525007		
Titulación	Mestrado Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación				
Coordinación	Lamela Viera, Maria del Carmen	Correo electrónico	carmen.lamela@udc.es		
Profesorado	Domínguez Rodríguez, Antía Lamela Viera, Maria del Carmen Suárez Grimalt, Laura	Correo electrónico	a.drodriguez@udc.es carmen.lamela@udc.es laura.suarez.grimalt@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Materia dirixida ao dominio das fontes e da información estatística para a análise das desigualdades e políticas sociais.				
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <ul style="list-style-type: none">- Sesión maxistral- Análise de fontes documentais- Prácticas a través de TIC- Traballos tutelados- Atención personalizada <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>--</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <ul style="list-style-type: none">- Correo electrónico: Diariamente. De uso pra facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento do traballo realizado. <p>? Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumando. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia, para formular as consultas necesarias. Tamén hai ?foros de actividade específica? para desenvolver os exercicios de avaliación.</p> <p>? Teams: 1 ou 2 sesións á semana en grupo (ate 15 persoas) nas franxas horarias que ten asignada a materia no calendario do mestrado. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumando para desenvolver o traballo da materia.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Mantense o mesmo sistema de avaliación que no curso presencial.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <ul style="list-style-type: none">- Non se realizarán cambios. Xa dispoñen de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle.				



Código	Competencias / Resultados do título
A1	CE1 - Determinar as dimensións e categorías axeitadas para o diagnóstico e a análise científica das situacións de exclusión social.
A3	CE3 - Diseñar e desenvolver procesos de observación e documentación para o estudo das políticas e os sistemas de benestar social.
A4	CE4 - Recompilar e interpretar a información suficiente para chegar a diagnósticos fiables sobre os riscos de exclusión e os factores de vulnerabilidade social.
B2	CB2 - Aplicar e integrar os coñecementos a contornos e problemas emerxentes e indefinidos, na práctica investigadora e profesional.
B5	CB5 - Comunicar con claridade os coñecementos e problemas científicos sobre os que se traballa tanto a un público non experto como de especialistas.
B6	CB6 - Posuír e comprender coñecementos que proporcionen unha base ou oportunidade para ser orixinais no desenvolvemento e/ou a aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B7	CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B8	CB8 - Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B13	CX1 - Comprender e integrar coñecementos complexos para traducilos en propostas de investigación e programas de intervención en contextos sociais problemáticos.
B14	CX2 - Realizar unha análise crítica da realidade social e do desenvolvemento profesional vinculada aos feitos sociais sobre os que se traballa.
B15	CX3 - Diseñar, aplicar e avaliar proxectos de investigación en ciencias sociais relacionados cos procesos e as situacións de exclusión social.
B17	CX5 - Elaborar e defender informes, proxectos e memorias no campo das ciencias sociais.
C3	CT3 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	CT6 - Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables.
C7	CT7 - Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer o papel histórico da información estatística na evolución das ciencias sociais e do estado de benestar		BM14	CM3
Analizar os factores ideolóxicos, coxunturais e discrecionais na produción e interpretación de datos estatísticos	AM1	BM6 BM8 BM13 BM14	CM3
Coñecer en profundidade algunhas das principais fontes de información estatística que recolle datos oficiais para a análise das desigualdades e da exclusión social, nas súas distintas vertentes	AM3 AM4	BM7 BM17	CM3 CM6 CM7
Apreciar a pertinencia e as limitacións da información e ferramentas estatísticas dispoñibles para a análise e avaliación das políticas sociais	AM1 AM4	BM2 BM8 BM14 BM15	CM3 CM7
Avaliar e deseñar indicadores e probas estatísticas adecuadas ao problema de investigación proposto	AM1 AM3 AM4	BM2 BM5 BM13 BM15	CM7
Manexar e representar graficamente a información estatística a través de distintos programas e ferramentas informáticas		BM5 BM17	CM7



Contidos	
Temas	Subtemas
Breve introdución histórica sobre estatísticas sociais	? As orixes da estatística social ? A chegada e desenvolvemento da estatística inferencial
Ideoloxía e estatística: da invisibilidade á construción social do problema	? O que non se conta non existe ? O proceso de sobredimensionar
Argumentando con estatística	? Argumentar ? Ilustrar ? Documentar
Principais fontes estatísticas e indicadores para o estudo da exclusión social e das políticas sociais	? Operacións estatísticas do INE sobre o nivel e condicións de vida. ? Enquisa anual de custo laboral do INE. ? Enquisa Estructural a Fogares (EEF), IGE. ? OECD Family Database ? Eurostat: Statistics of Income and Living Conditions (SILC) / Statistics on Social Protection
Fontes bibliográficas	? A referenciación da bibliografía ? Os xestores bibliográficos

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 B6 B14 C3	24	24	48
Análise de fontes documentais	A3 A4 B2 B5 B7 B8 B13 B15 B17 C6 C7	12	36	48
Prácticas a través de TIC	A4 A3 B2 B5 B7 B8 B13 B15 B17 C6 C7	0	32	32
Traballos tutelados	A4 A3 B2 B5 B7 B8 B13 B15 B17 C6 C7	0	18	18
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Dedicaranse horas presenciais para a presentación e discusión de cada tema, partindo dunha bibliografía e documentación previa.
Análise de fontes documentais	A través da exposición en clase e con traballo autónomo, aprenderase sobre algunhas das estatísticas e fontes de información máis relevantes, así como sobre a lóxica fundamental que as fai operativas e limitadas.
Prácticas a través de TIC	Asignaranse exercicios complementarios a cada lección que supoñerán o emprego de TIC, con tutoriales e recursos adecuados a cada caso.
Traballos tutelados	Consiste nun traballo final individual, para desenvolver de forma autónoma, que representará o 40% da cualificación final.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Prácticas a través de TIC Análise de fontes documentais	A atención personalizada que se contempla refírese a titorías individualizadas, presenciais ou por internet, para aclarar as dúbidas e concretar suxestións adaptadas a cada caso.



Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A4 A3 B2 B5 B7 B8 B13 B15 B17 C6 C7	Consiste nun traballo final individual, para desenvolver de forma autónoma, que representará o 40% da cualificación final.	40
Prácticas a través de TIC	A4 A3 B2 B5 B7 B8 B13 B15 B17 C6 C7	Asignaranse tarefas que permitan a familiaridade con indicadores e estatísticas que requiren o emprego de TIC. Avaliarase o traballo realizado con follas de cálculo e outros programas informáticos para as ciencias sociais.	20
Análise de fontes documentais	A3 A4 B2 B5 B7 B8 B13 B15 B17 C6 C7	Traballarase individualmente o en grupo exercicios de resolución de problemas e aplicación de coñecementos sobre as estatísticas e as fontes analizadas. Requiren lectura e preparación previa de materiais. Cada exercicio responderá a instrucións e a criterios de avaliación detallados con anterioridade a súa entrega. As instrucións contarán con data de entrega, e se penalizará o atraso. Sempre que sexa posible, os resultados discutiránse nas clases presenciais.	40

Observacións avaliación

Haberá exercicios para o seu seguimento presencial e outros equivalentes para o alumnado on-line. Os exercicios e traballos on-line son tamén o sistema alternativo para o alumnado a tempo parcial que soliciten dispensa de asistencia. Todos os materiais e a información para realizar os exercicios e traballos avaliados estarán dispoñibles na plataforma Moodle. Os/as alumnos/as que se presenten á convocatoria da segunda oportunidade, terán que presentar os mesmos traballos que se requiren para o alumnado on-line.

O 60% da cualificación final

obtense mediante a suma de exercicios de análise de fontes documentais e de exercicios con TIC. Os exercicios terán o valor de entre 1 a 2 puntos e súmanse para obter o aprobado cun 6. Polo traballo final poderase obter unha cualificación entre 0 e 4 puntos. Para o mesmo entregaránse instrucións detalladas e unha data de entrega. A cualificación final é a suma das dúas partes. A diferenza entre a docencia online e presencial verase no número e valor dos exercicios a realizar. A suspensión ou substitución da presencialidade, supoñerá programar máis horas de traballo autónomo en forma de exercicios a maiores.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Becker, Howard S. (2018). Datos pruebas e ideas: por qué los científicos sociales deberían tomárselos más en serio y aprender de sus errores. Buenos Aires: Siglo XXI
- Cea D'Ancona, M^a Angeles (2012). Fundamentos y aplicaciones en metodología cuantitativa. Madrid: Síntesis
- Corbetta, Piergioigio (2003). Metodología y técnicas de investigación social. Madrid: McGraw-Hill
- Fernández Esquinas, Manuel (2003). ¿Criterios de calidad en la investigación social: la producción de datos sociales?. Empiria 6: 47-77
- García Ferrando, Manuel (Comp) (2015). El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación. Madrid: Alianza
- GUPTA, D.K. (2010). Analyzing Public Policy: Concepts, Tools, and Techniques. Londres: CQ Press
- MARTÍNEZ GARCIA, J. S (2013). Estructura social y desigualdad en España. Madrid: La Catarata
- Porter, Theodore (2009). "Las estadísticas y el curso de la razón pública: compromiso e imparcialidad en un mundo cuantificado". Empiria 18: 19-35
- WILKINSON, R.W. e PICKETT, K (2009). Desigualdad: un análisis de la infelicidad colectiva. Barcelona: Turner

Traballarase cunha bibliografía abundante de artigos e informes que estarán dispoñible en Moodle.

Bibliografía complementaria



Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías